



A portavoz do BNG, Ana Pontón (cuarta pola esquerda), participa onte nun acto homenaxe a Rosalía. EFE

# A 'michelin' Lucía Freitas prepara o Caldo de Gloria polo Día de Rosalía de Castro

► Os museos de Lugo entregarán unha lámina e unha flor todo o día

## REDACCIÓN

LUGO. A cociñeira Lucía Freitas, que ten unha estrela Michelin, cociñou para hoxe o Caldo de Gloria para celebrar o Día de Rosalía no día no que se recorda o seu nacemento en 1837. O Caldo de Gloria é unha iniciativa inspirada no poema 'Miña casaña, meu lar' na que a poeta explica como facer un caldo humilde. Freitas gravou un vídeo que se ve en YouTube.

O acto foi promovido pola fundación que leva o nome da autora, e que tamén organizou unha lectura dos seus textos e a interpreta-

ción da 'Alborada', que compuxo a propia Rosalía, xunto coa Asociación de Gaiteiros Galegos.

A axenda oficial inclúe a plantación de fillas da figueira de Rosalía no Parlamento de Galicia ás 9.30 horas e no parque do Recordo de Padrón ás 12.30 horas. Medía hora máis tarde farase unha ofrenda floral na estatua de Rosalía na localidade.

Mentres a Rede Museística da Deputación de Lugo agasallará a todos os visitantes (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza de San Paio de Narla, Museo

Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) cunha lámina, unha flor e o manifesto da Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega (AELG) asinado pola escritora Anna R. Figueiredo. A lámina é unha obra de Alba Nimbos e trátase dun debuxo inspirado no poema 'Cando alumniña', que aparece no libro 'Cantares Gallegos'.

A vicepresidenta Maite Ferreiro participará no acto organizado pola AELG en Lugo ás 11.30 no parque Rosalía. Despois, ás 12.15, trasladaranse ata o Museo de Lugo co gallo do Día de Rosalía.